



CPI Plurilingüe
Cernadas de Castro
Lousame

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021–2022



ÍNDICE

1. Introducción e contextualización	3
1.1. Xustificación	3
1.2. Contexto socioeconómico e xeográfico	3
1.3. O Centro	4
1.4. Departamento de Xeografía e Historia	5
1.5. Alumnado	6
1.6. Aulas e equipamento	7
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	7
3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competencias	11
4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de: obxectivos e contidos desenvolvidos; temporalización; grao mínimo de consecución para superar a materia; procedementos e instrumentos de avaliación	38
5. Concrecións metodolóxicas das materias	88
6. Materiais e recursos didácticos	91
7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado	92
8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	94
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	94
10. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados	95
11. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital	96
12. Concreción dos elementos transversais en cada curso	98
13. Actividades complementarias e extraescolares do Departamento	102
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora	104



1. Introducción e contextualización

1.1. Xustificación

A presente programación didáctica elaborouse en referencia ao marco legislativo vixente, seguindo as directrices do *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, que establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato de Galicia*, tendo en conta a *Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.

1.2. Contexto socioeconómico e xeográfico

O CPI Plurilingüe Cernadas de Castro localízase no concello de Lousame, na Comarca de Noia, no sector sudoccidental da demarcación provincial da Coruña. Segundo os últimos datos do Padrón Municipal publicados polo INE, a 1 de xaneiro de 2020 o concello tiña unha poboación de 3.268 habitantes, distribuídos nas súas sete parroquias (Camboño, Fruíme, Lesende, Lousame, Tállara, Toxos Outos e Vilacova) que suman un total de 75 núcleos de poboación habitados (Nomenclátor estatístico de Galicia 2019) e 93,65 km² de superficie. A capital ubícase en Portobravo, localidade da parroquia de Lousame, a mesma onde se sitúa o CPI Cernadas de Castro, no lugar da Silva.

Aínda que moi próximo á costa da Ría de Muros e Noia, a unha altitude de só 80 metros sobre o nivel do mar, trátase dun centro situado no medio rural de interior. Ademais de atender á práctica totalidade da poboación en idade escolar e preescolar do municipio, unha proporción significativa do alumnado procede dalgúns dos concellos limítrofes (Boiro, Brión, Dodro, Noia, Porto do Son, Rianxo e Rois) sendo particularmente numerosos os residentes no de Noia, co que se mantén unha moi estreita relación histórica (á súa xurisdicción, señorío da Mitra Compostelá, pertenceron en época feudal, ata principios do século XIX, todas as parroquias do concello de Lousame, agás as de Lesende e Toxos Outos, señorío do Císter de Sobrado dende 1634).

Polo que respecta ao contexto socioeconómico, os datos da Axencia Tributaria indican que a renda per cápita do municipio de Lousame, –15.148,00 € en 2018–, é sensiblemente inferior á media española –18.500,00€–; tampouco o concello de Noia, do que, como se dixo, procede unha porcentaxe moi significativa do alumnado de Secundaria do centro, acada o nivel medio, aínda que se achega cos seus 17.996,00 €; en ambos os dous casos, fican lonxe dos rexistros das capitais provincial e autonómica (24.066,00 € e 23.632,00



€, respectivamente); e no caso de Lousame a súa renda é menor ca de todos os concellos limítrofes. A estrutura da ocupación no concello de Lousame, segundo reflicten os datos do IGE referidos a marzo de 2021, amosa un lixeiro predominio das actividades terciarias, que acollen ao 54,04% da poboación ocupada; no sector primario, que inclúe tanto as actividades agropecuarias como as pesqueiras, empréganse o 9,78% dos ocupados, a inmensa maioría nalgunha das 85 explotacións de gando bovino (2019), que manexan unha media de 24 cabezas; na industria traballa o 21,6% e nas actividades relacionadas coa construción o 13,78% restante.

Demograficamente o concello de Lousame atópase inmerso nunha dinámica recesiva, rexistrando un movemento natural negativo que, unido a un saldo migratorio desfavorable, provoca que a súa poboación veña diminuíndo ano tras ano e se atope moi avellentada, cun índice de envellecemento que se eleva a 247,54 (IGE 2020).

A dispersión do hábitat converte de xeito indubidable ao noso centro escolar no principal núcleo de relación social do municipio.

1.3. O Centro

O Centro Público Integrado Plurilingüe Cernadas de Castro é un centro de titularidade pública, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, no que se imparten as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. No actual curso atende a alumnos de Educación Infantil (de 4º a 6º), de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria; xa que logo, o seu claustro está integrado por profesorado pertencente aos seus respectivos Corpos de Profesores. Dispón de tres edificios: o máis antigo, inaugurado en 1974, acolle as aulas de Primaria, Secundaria, o comedor escolar e a sala de usos múltiples; este edificio principal está conectado co construído en 1999, no que se localizan as aulas específicas, a biblioteca, as dependencias administrativas, a sala de profesores e o ximnasio. O terceiro edificio, acolle as aulas de Infantil, aulas de apoio e de audición e linguaxe e o almacén. A carón dos edificios hai un patio de xogos infantís e instalacións deportivas varias: dous patios de xogos con porterías de balonmán e canastras de baloncesto, unha pista de tenis e unha pista polideportiva. Ademais existen dous patios cubertos. Nas inmediacións do recinto escolar atópase o *Pavillón Polideportivo Municipal Pilar Barreiro Senra*, que se emprega para aulas de Educación Física. Por outra banda, o centro ofrece os servizos de transporte escolar e comedor de xestión directa.



Ademais do exposto, no Proxecto Educativo do Centro recóllense certos aspectos relativos á liña metodolóxica propia e á concreción do currículo no centro e aula, moitos dos cales serán tratados en profundidade ao longo da presente programación:

- Adecuación dos obxectivos xerais da ensinanza ao contexto do centro e ás características do alumnado.
- Principios metodolóxicos baseados nun enfoque construtivista da aprendizaxe que debe procurar que o alumnado sexa elemento activo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Agrupamentos axeitados do alumnado tratando de fomentar a heteroxeneidade como factor enriquecedor e respectando a pluralidade de sexos, coñecementos e capacidades.
- Agrupamentos específicos para alumnado con necesidade de reforzo nas áreas instrumentais.

1.4. O Departamento de Xeografía e Historia

Ao Departamento correspóndelle a docencia das materias *Xeografía e Historia*, obrigatoria en todos os cursos da ESO e para a que se dispón de 3 sesións semanais, e *Economía*, optativa para o alumnado de 4º de ESO, tamén con 3 sesións lectivas á semana. Polo que respecta á primeira, trátase dunha materia que pretende favorecer a comprensión dos acontecementos, procesos e fenómenos sociais no contexto no que se producen, tendo sempre en consideración as diferentes escalas de estudio (universal, europea, española, galega, local), analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e continuar adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo no que vive o alumnado, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo no que se desenvolve a vida en sociedade. En 1º, 2º e 3º de ESO os contidos refírense á *Xeografía* e tamén á *Historia* (incluíndo a *Historia da Arte*) dunha maneira practicamente equitativa, mentres que se dedica á *Historia Contemporánea* en 4º de ESO.

O Departamento de Xeografía e Historia neste curso académico 2021-2022 está formado polo profesor Emilio Pallarés Álvarez, funcionario de carreira do Corpo de Profesores de Ensino Secundario con destino definitivo no centro, no que recae a xefatura de Departamento e imparte as materias *Xeografía e Historia* de 2º, 3º e 4º de ESO e



Economía de 4º de ESO. Dado que ás materias do propias do departamento correspóndenlle un total de 21 horas lectivas semanais, optouse por encomendar a docencia nun grupo a un profesor alleo ao Departamento con dispoñibilidade horaria, D. Pablo Mato Collazo, asignándoselle o curso de nivel inferior, conforme se establece na normativa. As reunións para a coordinación do Departamento levaranse a cabo unha vez ao mes, nas que se recollerán en acta todos os acordos adoptados. A distribución de materias e grupos é a que segue:

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA				
MATERIA	CURSO	GRUPO	Nº DE ALUMNOS	PROFESOR
XEOGRAFÍA E HISTORIA	1º ESO	A	23	Pablo Mato Collazo
	2º ESO	A	13	Emilio Pallarés Álvarez
		B	15	Emilio Pallarés Álvarez
	3º ESO	A	14	Emilio Pallarés Álvarez
		B	12	Emilio Pallarés Álvarez
4º ESO	A	24	Emilio Pallarés Álvarez	
ECONOMÍA	4º ESO	A	7	Emilio Pallarés Álvarez

1.5. Alumnado

O alumnado da etapa suma un total de 101 persoas (23 en 1º; 28 en 2º; 26 en 3º; e 24 en 4º). Todas elas son alumnas da materia *Xeografía e Historia*; porén, só 7 son alumnas de *Economía*. Hai alumnado repetidor en todos os cursos (3 en 1º; 4 en 2º; 3 en 3º; e 1 en 4º). Só 3 teñen a materia *Xeografía e Historia* pendente do curso anterior (os 3 de 2º coa materia pendente de 1º).

A inmensa maioría do alumnado é galegofalante, é dicir, emprega o galego con naturalidade, como a súa lingua materna, circunstancia que nos resulta particularmente favorable xa que a normativa vixente, concretamente o *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, establece no seu Artigo 7.3. que a materia *Xeografía e Historia* da Educación Secundaria Obrigatoria debe ser impartida en galego, se ben a súa Disposición adicional Primeira contempla a posibilidade de que unha Orde da Consellería competente regule a impartición en lingua estranxeira de materias non lingüísticas; así mesmo, a planificación lingüística do centro tamén optou por desenvolver en galego a materia *Economía*. Ademais, no presente curso non consta que haxa alumnado con lingua materna distinta das cooficiais.



1.6. Aulas e equipamento

As materias do departamento impártense de xeito ordinario na aula de referencia do grupo respectivo, agás ás correspondentes a 4º de ESO, cuxas sesións en ambas as dúas materias se desenvolven na sala de usos múltiples. Todas estas dependencias contan con conexión a Internet e un equipamento informático elemental, composto por ordenador, canón proxector e taboleiro dixital, se ben a disposición dos ordenadores nunha mesa distinta da do profesor, orientados fronte á parede (a excepción do da sala de usos múltiples), provoca que ao mirar a súa pantalla se deixe de ver ao alumnado dentro do campo visual; ademais, a práctica totalidade deses ordenadores carecen de cámara web integrada, de maneira que non resultan aptos para entablar comunicación por videoconferencia para, de ser o caso, poder facer partícipes das actividades que se desenvolvan nas aulas aos alumnos que puntualmente puideran estar sometidos a confinamento por corentena en relación a sospeitas de contaxio da COVID-19, por ser contacto estreito de persoas positivas ou por diagnóstico confirmado do propio alumno.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Este Departamento didáctico parte da convicción de que as transcendentais e vertixinosas innovacións tecnolóxicas e científicas que contempla a nosa sociedade esixen novos enfoques de aprendizaxe nos centros educativos, tal e como veñen proponendo as orientacións políticas estatais e europeas. *A Recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente* promoveu a potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á tradicional aprendizaxe por contidos. Abundando neste sentido, a lexislación interna, –a *Lei Orgánica 2/2006 de Educación* modificada pola *Lei Orgánica 8/2013 de Mellora da Calidade da Educación*–, optou por incorporar este enfoque competencial. O *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* establece 7 competencias clave, e no *Anexo I da Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro*, descríbense as distintas relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. Ao longo da presente programación, seguindo a lexislación vixente, referirase ás seguintes competencias coas súas correspondentes siglas: Competencia en comunicación lingüística (CCL); Competencia matemática e competencia en ciencias e



tecnoloxía (CMCCT); Competencia dixital (CD); Competencias sociais e cívicas (CSC); Competencia para aprender a aprender (CAA); Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

As competencias clave deben concebirse como o conxunto de habilidades cognitivas, destrezas e actitudes que posibilitan a resolución dunha tarefa con eficacia. Enténdense como un elemento básico para que os alumnos que conclúan a escolaridade obrigatoria logren a súa realización persoal, poidan exercer a cidadanía activa e se incorporen á vida adulta de xeito adecuado. Por tanto, o enfoque competencial ha de promover o desenvolvemento integral do alumnado. Na concreción curricular proposta as competencias, en paralelo cos obxectivos educativos, son un referente, de tal modo que todas as materias contribúan á súa consecución, e conformen un núcleo organizador da etapa. Deste xeito, o currículo por competencias configurará unha aprendizaxe integradora e orientada á aplicación dos coñecementos adquiridos. O cambio curricular ao que asistimos implica novos enfoques que deben atender á integración real das competencias no currículo na aula, tanto no deseño e desenvolvemento da programación, na súa implementación, como na propia avaliación, tal e como facemos referencia neste documento. As concrecións curriculares das distintas materias colaboran a tal fin. Na presente programación explíctase a contribución da materia ao logro e adquisición das competencias, quedando reflectida en cada unha das unidades didácticas nas que se organizan as materias, establécese e concrétese a relación entre os criterios e indicadores de avaliación coas competencias que se traballan e avalían en cada unidade. Posteriormente elaboráronse os perfís de área e os perfís competenciais que nos permiten identificar as competencias que desenvolvemos en cada área ou materia e que facilitarán a avaliación. É fundamental a proposta de tarefas e situacións de aprendizaxe significativas que impliquen a resolución de problemas mediante a aplicación do aprendido, para promover unha aprendizaxe activa do estudante. O deseño desas actividades integradas permitirá ao alumnado avanzar cara a resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Velarase en todo momento por un tratamento equilibrado das distintas competencias clave na programación didáctica de cada unha das materias.



A chegada das materias ao desenvolvemento das competencias é moi relevante. Todas elas están presentes na programación, desenvolvemento e avaliación das materias. A continuación explícase a contribución das materias a cada unha das competencias:

- A competencia para aprender a aprender (CAA): supón iniciarse na aprendizaxe e continua-la dun xeito autónomo. Do que se trata é de adquirir ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas. Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.
- A competencia dixital (CD): de gran relevancia para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos, e poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC's resultan imprescindibles na sociedade da información en que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área. En todo caso, debe insistirse en que é preciso saber utilizar a información, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible. Nas materias *Xeografía e Historia* e *Economía* a información aparece en diferentes formatos que o alumnado deberá ir coñecendo e utilizando cada vez en maior medida ao longo da etapa.
- Competencia en comunicación lingüística (CCL): Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe, resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico da *Xeografía e Historia* e da *Economía* que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes



tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

- A competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC): ten unha presenza destacada en relación ao estudo das distintas manifestacións artísticas e á evolución do pensamento e da cultura na *Historia* e, de xeito específico na *Historia da Arte*. Supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímalo como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar. Malia que esta competencia non aparece relacionada con ningún estándar da materia *Economía*, tentárase na medida do posible que tamén contribúa ao seu desenvolvemento.
- Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): ten o obxectivo de que os alumnos sexan quen de interpretar e producir informacións cuantitativas e espaciais da realidade que nos rodea, e sexan capaces de resolver problemas relativos á vida diaria e ao mundo laboral.
- Sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE): esta competencia permitirá optar cun criterio propio ante diversas situacións e levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida facéndose responsable dela no persoal e no social. Promoverase o desenvolvemento da mesma fomentando a creatividade e a toma de decisións a través de proxectos.
- Competencia social e cívica (CSC): desde a *Xeografía e a Historia* e a *Economía* facilítanse as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social. É ben coñecido o papel que as ciencias sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten una interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas



decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais.

A achega da materia *Xeografía e Historia* ao desenvolvemento das competencias é moi relevante. Todas elas están presentes na programación, desenvolvemento e avaliación da materia. A continuación detállase a contribución da materia a cada unha das competencias:

Competencia para aprender a aprender (CAA)

1º ESO

1º-XHB1.1.1 - Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.
1º-XHB1.1.2 - Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.
1º-XHB1.10.1 - Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.
1º-XHB1.11.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
1º-XHB1.2.1 - Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.
1º-XHB1.3.1 - Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.
1º-XHB1.4.1 - Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
1º-XHB1.4.2 - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
1º-XHB1.5.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
1º-XHB1.6.1 - Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.
1º-XHB1.6.2 - Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
1º-XHB1.7.1 - Explica as características xerais do relevo europeo.
1º-XHB1.8.1 - Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
1º-XHB1.9.1 - Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
1º-XHB1.9.2 - Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.
1º-XHB3.11.1 - Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.
1º-XHB3.12.1 - Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
1º-XHB3.13.1 - Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
1º-XHB3.14.2 - Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.
1º-XHB3.15.1 - Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica
1º-XHB3.16.1 - Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos
1º-XHB3.16.2 - Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.
1º-XHB3.17.1 - Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.
1º-XHB3.18.1 - Elabora un mapa do imperio de Alexandre.
1º-XHB3.18.2 - Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.



1º-XHB3.19.2 - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
1º-XHB3.2.1 - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
1º-XHB3.2.2 - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estes restos materiais ou textuais.
1º-XHB3.2.3 - Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.
1º-XHB3.20.1 - Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.
1º-XHB3.20.2 - Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.
1º-XHB3.21.1 - Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.
1º-XHB3.22.1 - Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.
1º-XHB3.22.2 - Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.
1º-XHB3.8.1 - Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
1º-XHB3.9.1 - Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.
1º-XHB3.9.2 - Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.

2º ESO

2º-XHB1.1.1 - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2º-XHB1.2.1 - Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.
2º-XHB1.3.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.
2º-XHB1.3.2 - Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.
2º-XHB1.4.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.
2º-XHB1.4.2 - Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.
2º-XHB1.5.1 - Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.
2º-XHB1.5.2 - Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.
2º-XHB1.5.3 - Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.
2º-XHB1.6.1 - Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.
2º-XHB1.7.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
2º-XHB2.1.1 - Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.
2º-XHB2.1.2 - Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.
2º-XHB2.10.1 - Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.
2º-XHB2.2.1 - Explica as características da poboación europea.
2º-XHB2.2.2 - Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.
2º-XHB2.3.1 - Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.
2º-XHB2.3.2 - Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.
2º-XHB2.4.1 - Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.
2º-XHB2.5.1 - Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.
2º-XHB2.5.2 - Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.
2º-XHB2.6.1 - Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.
2º-XHB2.6.2 - Distingue os tipos de cidades do noso continente.



2º-XHB2.7.1 - Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.
2º-XHB2.8.1 - Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.
2º-XHB2.8.2 - Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.
2º-XHB2.9.1 - Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.
2º-XHB3.10.1 - Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica.
2º-XHB3.2.1 - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
2º-XHB3.2.2 - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
2º-XHB3.6.1 - Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado
2º-XHB3.7.1 - Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.

3º ESO

3º-XHB1.1.1. - Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.
3º-XHB1.1.2. - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
3º-XHB1.1.3. - Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos.
3º-XHB2.1.1. - Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
3º-XHB2.10.1. - Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.
3º-XHB2.10.2. - Describe as características do comercio internacional na actualidade.
3º-XHB2.10.3. - Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.
3º-XHB2.11.1. - Identifica os tipos de turismo e os seus efectos
3º-XHB2.11.2. - Valora a importancia do turismo na economía española e galega.
3º-XHB2.12.1. - Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.
3º-XHB2.12.2. - Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.
3º-XHB2.12.3. - Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.
3º-XHB2.13.1. - Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.
3º-XHB2.13.2. - Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos.
3º-XHB2.2.1. - Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
3º-XHB2.3.1. - Diferencia os sectores económicos europeos.
3º-XHB2.4.1. - Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
3º-XHB2.5.1. - Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.
3º-XHB2.6.1. - Sitúa no mapa as principais zonas cerealeiros, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.
3º-XHB2.6.2. - Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.
3º-XHB2.6.3. - Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.



3º-XHB2.6.4. - Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.
3º-XHB2.7.1. - Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.
3º-XHB2.8.1. - Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
3º-XHB2.9.1. - Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.
3º-XHB3.1.1. - Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado
3º-XHB3.10.1. - Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
3º-XHB3.11.1. - Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
3º-XHB3.12.1. - Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
3º-XHB3.12.3. - Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.
3º-XHB3.13.1 - Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos Trinta Anos.
3º-XHB3.2.1. - Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
3º-XHB3.2.2. - Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
3º-XHB3.6.1. - Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
3º-XHB3.7.1. - Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
3º-XHB3.9.1. - Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.

4º ESO

4º-XHB4.3.2 - Analiza o novo mapa político de Europa.
4º-XHB4.3.3 - Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.
4º-XHB4.4.1 - Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.
4º-XHB4.5.1 - Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.
4º-XHB4.5.2 - Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.
4º-XHB5.1.2 - Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.
4º-XHB5.1.3 - Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.
4º-XHB5.3.2 - Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.
4º-XHB6.1.1 - Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).
4º-XHB6.2.1 - Sitúa nun mapa as fases do conflito.
4º-XHB6.2.2 - Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.
4º-XHB6.2.3 - Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
4º-XHB6.4.1 - Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.
4º-XHB6.4.2 - Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.
4º-XHB6.5.2 - Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).



4º-XHB7.1.1 - Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.
4º-XHB7.2.1 - Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.
4º-XHB7.3.2 - Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica.
4º-XHB8.1.1 - Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época.
4º-XHB8.2.1 - Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.
4º-XHB8.3.1 - Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.
4º-XHB8.3.3 - Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.
4º-XHB8.4.1 - Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.
4º-XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.
4º-XHB9.1.2 - Elaboración discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.
4º-XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.
4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.

Competencia dixital (CD)

1º ESO

1º-XHB1.1.1 - Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.
1º-XHB1.1.2 - Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.
1º-XHB1.10.1 - Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.
1º-XHB1.11.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
1º-XHB1.2.1 - Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.
1º-XHB1.3.1 - Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.
1º-XHB1.4.1 - Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
1º-XHB1.4.2 - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
1º-XHB1.5.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
1º-XHB1.6.1 - Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.
1º-XHB1.6.2 - Elaboración climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
1º-XHB1.7.1 - Explica as características xerais do relevo europeo.
1º-XHB1.8.1 - Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
1º-XHB1.9.1 - Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
1º-XHB1.9.2 - Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.



2º ESO

2º-XHB1.1.1 - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2º-XHB1.2.1 - Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.
2º-XHB1.3.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.
2º-XHB1.3.2 - Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.
2º-XHB1.4.1 - Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.
2º-XHB1.4.2 - Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.
2º-XHB1.5.1 - Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.
2º-XHB1.5.2 - Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.
2º-XHB1.5.3 - Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.
2º-XHB1.6.1 - Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.
2º-XHB1.7.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
2º-XHB2.1.1 - Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.
2º-XHB2.1.2 - Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.
2º-XHB2.10.1 - Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.
2º-XHB2.2.1 - Explica as características da poboación europea.
2º-XHB2.2.2 - Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.
2º-XHB2.3.1 - Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.
2º-XHB2.3.2 - Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.
2º-XHB2.4.1 - Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.
2º-XHB2.5.1 - Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.
2º-XHB2.5.2 - Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.
2º-XHB2.6.1 - Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.
2º-XHB2.6.2 - Distingue os tipos de cidades do noso continente.
2º-XHB2.7.1 - Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.
2º-XHB2.8.1 - Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.
2º-XHB2.8.2 - Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.
2º-XHB2.9.1 - Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.

3º ESO

3º-XHB1.1.1. - Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.
3º-XHB1.1.2. - Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.



3º-XHB1.1.3. - Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos.
3º-XHB2.1.1. - Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
3º-XHB2.10.1. - Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.
3º-XHB2.11.1. - Identifica os tipos de turismo e os seus efectos
3º-XHB2.11.2. - Valora a importancia do turismo na economía española e galega.
3º-XHB2.12.1. - Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.
3º-XHB2.12.2. - Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.
3º-XHB2.12.3. - Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.
3º-XHB2.2.1. - Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
3º-XHB2.5.1. - Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.
3º-XHB2.6.1. - Sitúa no mapa as principais zonas cerealeiros, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.
3º-XHB2.6.2. - Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.
3º-XHB2.6.3. - Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.
3º-XHB2.7.1. - Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.
3º-XHB2.9.1. - Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.

4º ESO

4º-XHB9.1.1 - Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.
4º-XHB9.2.1 - Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.
4º-XHB9.3.1 - Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

1º ESO

1º-XHB1.11.1 - Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
1º-XHB1.6.1 - Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.



1º-XHB1.6.2 - Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
1º-XHB1.7.1 - Explica as características xerais do relevo europeo.
1º-XHB1.9.1 - Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
1º-XHB3.11.1 - Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.
1º-XHB3.13.2 - Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.
1º-XHB3.14.1 - Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
1º-XHB3.16.2 - Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.
1º-XHB3.19.1 - Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
1º-XHB3.19.2 - Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
1º-XHB3.5.1 - Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.


1º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA

UD	TEMPORALIZACIÓN	AVALIACIÓN
1. A Terra e a súa representación	5 sesións	1ª Avaliación (33 sesións)
2 O relevo terrestre	7 sesións	
3 Océanos e augas continentais	7 sesións	
4 O tempo e o clima	7 sesións	
5 As paisaxes da Terra	7 sesións	
6 As interaccións humanas co medio natural	6 sesións	2ª Avaliación (30 sesións)
7 Atlas dos continentes, España e Galicia	6 sesións	
8 O proceso de hominización e a Prehistoria	12 sesións	
9 As primeiras civilizacións: Mesopotamia	6 sesións	
10 O antigo Exipto	6 sesións	3ª Avaliación (30 sesións)
11. A civilización grega	9 sesións	
12. A civilización romana	9 sesións	
13. Hispania Antiga: pobos prerromanos e colonizacións	6 sesións	

2º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA

UD	TEMPORALIZACIÓN	AVALIACIÓN
1. Invasións bárbaras e ruptura da unidade mediterránea	9 sesións	1ª Avaliación (33 sesións)
2. A Europa Feudal	9 sesións	
3. A Baixa Idade Media: esplendor e crise	9 sesións	
4. Al Andalus e os Reinos cristiáns peninsulares	6 sesións	
5. A arte medieval	10 sesións	2ª Avaliación (30 sesións)
6. As unidades do relevo de España e Galicia	10 sesións	
7. Os dominios bioclimáticos de España e Galicia	10 sesións	
8. A poboación mundial	12 sesións	3ª Avaliación (30 sesións)
9. As Migracións	9 sesións	
10. O Fenómeno da urbanización	9 sesións	

3º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA

UD	TEMPORALIZACIÓN	AVALIACIÓN
1. A era dos descubrimentos	6 sesións	1ª Avaliación (33 sesións)
2. Humanismo, Reforma e Renacemento	9 sesións	
3. A Monarquía dos Habsburgo españois	9 sesións	
4. A Crise do século XVII A Arte Barroca	9 sesións	
5. A economía mundial	12 sesións	2ª Avaliación (30 sesións)
6. As actividades do sector primario	6 sesións	
7. As actividades do sector secundario	6 sesións	
8. As actividades do sector terciario	6 sesións	3ª Avaliación (30 sesións)
9. Estrutura económica de Europa	6 sesións	
10. Estrutura económica de España e Galicia	9 sesións	
11. O impacto ambiental da actividade económica	9 sesións	
12. Desequilibrios e desigualdades socioeconómicas	sesións	



4º ESO XEOGRAFÍA E HISTORIA

UD	TEMPORALIZACIÓN	AVALIACIÓN
1. A crise do Antigo Réxime	6 sesións	1ª Avaliación (33 sesións)
2. Revolucións burguesas e nacionalismos (1776–1871)	9 sesións	
3. A Revolución Industrial	9 sesións	
4. A construción do Estado liberal en España	6 sesións	
5. Economía e sociedade na España decimonónica	3 sesións	
6. Colonialismo e Imperialismo	5 sesións	2ª Avaliación (30 sesións)
7. A Gran Guerra: A Primeira Guerra Mundial	4 sesións	
8. A Revolución Rusa e o período de entreguerras	6 sesións	
9. A Segunda Guerra Mundial	6 sesións	
10. España 1898–1939: do Desastre á Guerra Civil	9 sesións	
11. Dereitos Humanos, Guerra Fría e Descolonización	9 sesións	3ª Avaliación (30 sesións)
12. O mundo actual: desafíos globais e tensións rexionais	9 sesións	
13. A España Franquista (1936–1976)	6 sesións	
14. A democracia española integrada en Europa	6 sesións	

4º ESO ECONOMÍA

UD	TEMPORALIZACIÓN	AVALIACIÓN
1. Que é a Economía? Conceptos fundamentais	9 sesións	1ª Avaliación (33 sesións)
2. A produción de bens e servizos	6 sesións	
3. Axentes económicos e mercados	6 sesións	
4. Axentes económicos: as familias	6 sesións	
5. Axentes económicos: as empresas	6 sesións	
6. O crecemento económico	7 sesións	2ª Avaliación (30 sesións)
7. A distribución da renda	7 sesións	
8. O diñeiro e os medios de pago	9 sesións	
9. A inflación e os tipos de xuro	7 sesións	
10. O aforro e o endebedamento	10 sesións	3ª Avaliación (30 sesións)
11. O comercio exterior	10 sesións	
12. Economía e medio ambiente	10 sesións	

5. Concrecións metodolóxicas das materias

Traballar de maneira competencial na aula representa un esforzo metodolóxico notable; o docente pasa a ser un xestor do coñecemento do alumnado e o alumno adquire un maior grao de protagonismo no proceso de aprendizaxe. Participamos dun enfoque baseado no paradigma construtivista: quen aprende faino construíndo sobre o que xa domina. Para iso, cada novo elemento de aprendizaxe debe vincularse, tanto polo seu grao de dificultade como pola súa oportunidade, co nivel de coñecementos do que aprende. Débense procurar niveis de partida sinxelos, alcanzables para a práctica totalidade do alumnado, cunha secuencia de dificultade que permite encamiñar aos alumnos máis



destacados en actividades que lles supoñan verdadeiros retos. É importante a vinculación a contextos reais das tarefas propostas, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. As tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos. Cada estudante parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes; enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilitará que todos os estudantes poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que logren adquirir.

Tanto na materia *Xeografía e Historia*, como en *Economía*, as estratexias de ensino e aprendizaxe que se poñerán en práctica serán de tres tipos:

- Estratexias expositivas, fundamentais como soporte da aprendizaxe dos feitos concretos. Calquera investigación necesita uns puntos de referencia e unhas estruturas para ser viable e efectiva.
- Estratexias de indagación, que enfrontan aos alumnos con situacións problemáticas nas que deben poñer en práctica e utilizar reflexivamente conceptos, procedementos e actitudes. Estas estratexias, ben formuladas, converten ós alumnos en protagonistas da súa propia aprendizaxe e amplían a súa autonomía. Ao alumnado proporánselle traballos sobre temas que estimulen a súa curiosidade e a reflexión. Este tipo de traballo debe axudar a conseguir tamén que os alumnos saiban expresarse oral, escrita e graficamente empregando o léxico específico propio das disciplinas que integran a materia.
- Estratexia de análise causal dos feitos sociais, económicos, históricos e xeográficos: relacións causa-efecto, multicausalidade...

No grupo de 4º de ESO a materia *Xeografía e Historia* constituirá unha sección bilingüe, é dicir, cursarase de xeito bilingüe na lingua cooficial que corresponde segundo a normativa vixente (o Artigo 7.3. do *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, establece que debe ser impartida en galego), e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, neste caso inglés, –lingua cooficial das institucións da UE e de dous dos seus 27 Estados membro (República de Irlanda e República de Malta), e de uso nun terceiro, Chipre–, conforme establece o Artigo 2 da *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en*



centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario, que obriga a que a incorporación da lingua estranxeira na sección bilingüe acade un mínimo dun 50%.

Con esta medida preténdese facilitar a adquisición dunhas competencias lingüísticas específicas en lingua inglesa, mantendo os obxectivos e contidos sinalados para o curso, aos que se engaden os seguintes:

- Manexar o léxico básico específico en inglés das disciplinas integradas na materia.
- Desenvolver as capacidades de produción oral e escrita na lingua estranxeira.
- Fomentar as habilidades de comprensión oral e escrita da lingua estranxeira, especialmente a interpretación de textos e materiais audiovisuais.

De conformidade co establecido no artigo 8.2. da *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia* e no artigo 5.6. da *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario*, o profesor que imparte a materia neste curso de 4º da ESO participará nunha sesión semanal de seguimento e coordinación convocada pola persoa coordinadora do programa plurilingüe do centro, xunto co profesorado de linguas estranxeiras que participe no programa.

Ademais, tamén no marco da materia *Xeografía e Historia* de 4º de ESO, o centro vai participar, baixo a coordinación do docente responsable na materia, na modalidade *EDUexcelencia* dos *Contratos-Programa Innova*, coa intención de promover a excelencia educativa a través do afondamento nun ámbito de coñecemento. En concreto, vaise aproveitar a circunstancia de desenvolver esta materia en sección bilingüe para afondar no coñecemento dos retos globais que afronta a sociedade internacional, a través dun proxecto titulado *Desafíos da Sociedade Internacional*, mediante a elaboración na lingua estranxeira de traballos de investigación de carácter obrigatorio relacionados coas celebración e conmemoracións do calendario das organización internacionais e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS-SDG) das Nacións Unidas, pretendendo que a través destas actividades o alumnado teña a oportunidade de aplicar as destrezas de produción nesa lingua, así como de deseñar e redactar distintos tipos de documentos empregados habitualmente para a comunicación, difusión e divulgación científica, así



como acceder directamente as fontes oficiais da pluralidade de organización, axencias e organismos internacionais, principalmente das pertencentes á constelación de Nacións Unidas e máis directamente involucradas cos ODS-SDG e a denominada *Axenda 2030*.

6. Materiais e recursos didácticos

O Departamento de Xeografía e Historia do CPI Plurilingüe Cernadas de Castro conta con diversos recursos didácticos (bibliográficos, cartográficos, audiovisuais) en moi variados soportes.

Todas as aulas contan cun equipamento informático conectado á Internet, o cal facilita o emprego das TIC como recurso esencial. As TIC resultan especialmente motivadoras e Internet é unha fonte de información e recurso didáctico con moito potencial nestas áreas. Cada grupo terá o seu correspondente curso da materia na Aula Virtual do centro, no cal todos os alumnos estarán dados de alta como usuarios co perfil de alumnado.

Os nosos antecesores na dirección do Departamento no período regulamentariamente establecido para escoller libro de texto obrigatorio das materias optaron por non facelo, de maneira que non é viable dirixir unha recomendación ao Fondo solidario de libros de texto e ás axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar, circunstancia que se tentará corrixir no sucesivo, en canto sexa posible. Polo tanto, elaboraránse e empregaranse materiais acaídos a cada un dos niveis.

Entre os recursos humanos cos que contaremos, á parte dos membros do claustro de profesores que teñen asignados grupos nas materias do Departamento, cómpre salientar a adxudicación dunha praza de auxiliar de conversa, que exercerá unha persoa natural dun país de fala inglesa, que acompañará ao profesor co grupo de 4º durante unha sesión quincenal, durante o período no que permaneza prestando servizo no centro, cuxa participación se rexirá pola *Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* e terá como funcións, entre outras, posibilitar a práctica da conversa oral na lingua estranxeira obxecto de estudo do alumnado, achegar o alumnado e o profesorado á cultura do país onde se fala a lingua estranxeira, mediante a presentación de temas de actualidade e actividades lúdicas, proporcionar un modelo de corrección fonética e gramatical na lingua



estranxeira correspondente e colaborar co profesorado na elaboración de materias didácticos na lingua estranxeira correspondente.

7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado

Como xa se indicou, o curso estruturarase en 3 períodos de avaliación. As respectivas sesións das xuntas de avaliación celebraranse, respectivamente, os días 17 de decembro de 2020, 24 de marzo de 2021 e 23 de xuño de 2021.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumnado nos instrumentos de avaliación detallados para cada estándar, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

- A. Probas escritas ou actividades obxectivas de avaliación. Constituirán o 70% da cualificación. Celebrarase un mínimo dunha destas probas en cada avaliación, aínda que se pretende propoñer máis para facilitar a súa preparación por parte do alumnado. O seu resultado cualificarase entre 0 e 10 puntos. No caso de celebrar máis dunha proba, considerarase para a cualificación a media aritmética das puntuacións obtidas no conxunto delas. Os criterios de corrección destas probas atenderán aos aspectos relacionados cos contidos das respostas (nun 90%) e ás súas cualidades formais (no 10% restante), é dicir, a orde e claridade na exposición, a capacidade de análise, a precisión léxica así como a ortografía e pulcritude na presentación, evitando, en todo caso, penalizar pola súa caligrafía ao alumnado ao que se lle detectaran dificultades en relación coa motricidade fina.
- B. Participación nas aulas e traballos e tarefas propostos polo docente. Valorarase na proporción do 30% da cualificación da avaliación. Consideraranse as actividades e tarefas en relación ao seu contido correcto ou incorrecto e aos aspectos formais, asignándolles igualmente puntuacións entre 0 e 10 puntos que ficarán reflectidos nas anotacións do profesor. En xeral, a proporción debullada polo miúdo que poderá corresponder a cada un destes instrumentos será a que se indica a seguir (sen que en ningún caso a súa suma poida exceder da proporción do 30% sinalada):
 - Pola redacción ou deseño de traballos individuais de investigación obrigatorios: ata 1 punto (10% da cualificación total).



- Pola exposición oral en público dos contidos e conclusións de traballos obrigatorios: ata 0.5 puntos (5% da cualificación total).
- Pola contribución ao desenvolvemento das actividades na aula mediante a formulación en público de consultas ou a resposta a preguntas formuladas polo profesor: ata 1 punto (10% da cualificación total).
- Pola elaboración/redacción/deseño de traballos individuais ou colectivos de carácter voluntario: ata 1 punto (10% da cualificación total).
- Pola exposición oral en público dos contidos e conclusións de traballos de investigación individuais ou colectivos: ata 0.5 puntos (5% da cualificación total).
- Pola resolución de actividades e exercicios executados na aula: ata 1 punto (10% da cualificación total).

En todo caso, para superar a avaliación o alumnado deberá ter acadados os mínimos esixidos referidos a cada estándar.

A cualificación da avaliación ordinaria de xuño será o resultado do cálculo da media aritmética das tres avaliacións anteriores, agás para o alumnado que recibira nalgunha avaliación unha cualificación inferior a 4 (≤ 3). Quen non acade unha cualificación mínima de 5 (≥ 5) ou manteña nalgunha avaliación unha cualificación inferior a 4 (≤ 3) logo de realizar un exame de recuperación, estará obrigado a presentarse á proba da avaliación extraordinaria, que empregará como instrumento un único exame, en relación aos contidos impartidos durante o curso, que terá lugar na aula, data e hora que sinale a Xefatura de Estudos, entre os días 20 e 22/06/2022. Puntuarase entre 0 e 10 puntos, conforme aos criterios habituais.

A comisión de calquera método fraudulento na elaboración dun exercicio que se empregue como instrumento de avaliación (exame, traballo de investigación, proxecto, cuestionario, proba, etc.) independentemente de que sexa detectada *in fraganti* ou *a posteriori*, ou de que se chegue a consumir ou fiquen en grao de tentativa, implicará automaticamente a súa cualificación con 0 puntos, que se terán en consideración para a cualificación, sen opción a repetilo.



8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

O Xefe de Departamento asumirá persoalmente a organización, supervisión, seguimento e avaliación do programa de recuperación das materias pendentes.

O alumnado coa materia pendente combinará a realización de tarefas ao longo do curso, que se entregarán con periodicidade trimestral, antes das datas límite establecidas polo profesor, e un exame final de carácter global. Se non se cumprimenta a entrega das tarefas, ou non están resoltas de maneira satisfactoria, os alumnos coa materia pendente deberán realizar unha proba no mes de maio.

O profesorado prestará apoio e atenderá, nun prazo prudencial, ás dificultades e dúbidas que o alumnado poida formular con respecto aos exercicios e actividades propostos.

Os criterios de avaliación, os contidos e as competencias a desenvolver serán os que se especifican como mínimos esixibles na programación do curso respectivo. A entrega correcta e en prazo das tarefas encomendadas implicará o aprobado na materia. En caso contrario, deberá superar o exame que se propondrá en maio. A avaliación negativa neste exame permitirá presentarse ao exame do curso na avaliación extraordinaria en xuño.

9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Os indicadores de logro que se terán en conta serán os seguintes:

- I. Os obxectivos didácticos formuláronse en función dos estándares de aprendizaxe avaliábeis que concretan os criterios de avaliación.
- II. A selección e temporalización de contidos foi axustada.
- III. A programación facilitou a flexibilidade das actividades para axustarse ás necesidades e os intereses do alumnado.
- IV. Os criterios de avaliación e cualificación foron claros e coñecidos polos alumnos e permitiron facer un seguimento do seu progreso.
- V. Antes de iniciar unha actividade, fíxose unha introdución sobre o tema para motivar aos alumnos e sondear os seus coñecementos previos.
- VI. Antes de iniciar unha actividade, expúxose e xustificouse o plan de traballo (importancia, utilidade, etc.) e informouse sobre os criterios de avaliación.



- VII. Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses dos alumnos e construíronse sobre os seus coñecementos previos.
- VIII. As actividades propostas foron variadas na súa tipoloxía e favoreceron a adquisición das competencias clave.
- IX. A distribución do tempo da aula foi a adecuada.
- X. Utilizáronse recursos variados (audiovisuais, informáticos, etc).
- XI. Facilitáronse estratexias para comprobar que os alumnos entenden e que no seu caso saiban pedir aclaracións.
- XII. Facilitáronse aos alumnos estratexias de aprendizaxe: Lectura comprensiva, como buscar información, como redactar e organizar un traballo, etc.
- XIII. Favoreceuse a elaboración de normas de funcionamento na aula.
- XIV. O ambiente de traballo na aula foi adecuado e produtivo.
- XV. Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu proceso.
- XVI. Proporcionáronse actividades alternativas cando os obxectivos non se acadaron en primeira instancia.
- XVII. Houbo coordinación con outros profesores.
- XVIII. Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.
- XIX. Os alumnos dispuxeron de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coavaliación.
- XX. Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar a materias ao alumnado con algunha avaliación suspensa, ou coa materia pendente do curso anterior ou na avaliación final ordinaria.
- XXI. Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.
- XXII. As familias foron adecuadamente informadas sobre o proceso de avaliación: criterios de cualificación, promoción, etc.

10. Deseño de avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

A avaliación inicial deseñárase considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/2021. Igualmente valorárase a situación dos integrantes dun grupo a través de preguntas orais ao longo do período anterior á celebración da xuntanza de avaliación.



As medidas a adoptar de xeito colectivo con cada grupo en concreto serán decididas polo profesor, atendendo ás necesidades dos discentes. As medidas de carácter individual decidiránse co asesoramento dos membros do Departamento de Orientación.

11. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital

O alumnado da etapa caracterízase pola presenza de moi diferentes necesidades educativas, debido ao enorme grao de diversidade das súas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso, cómpre ofrecer diferentes respostas dentro da aula. No referido ós obxectivos didácticos, procuraremos un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para alcanzar os mesmos obxectivos:

- Capacidades cognitivas: obxectivos referidos a identificar, recoñecer, etc.
- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio.
- Capacidades de inserción social: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.
- Capacidades de relación interpersonal: realización de tarefas en grupo, participación en debates.
- Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, polo que o alumnado que non consiga algún obxectivo da etapa a través da área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, pode facelo a través das outras áreas.

No referido os contidos tentarase:

- Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resultan básicos e clave, e outras contidos que poden ser complementarios dos anteriores.
- Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes).

Hai unha serie de medidas de aula que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.



- Actividades diferenciadas para acadar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos. O alumnado que desexe ampliar coñecemento poderá realizar actividades proporcionadas polo profesorado.
- Materiais heteroxéneos, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a proporcionar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Utilización de ritmos distintos, acordes coas capacidades e posibilidades dos alumnos. No tocante aos recursos didácticos utilizados, aquelas persoas con algunha discapacidade temporal ou permanente, recibirán unha atención personalizada co apoio de institucións externas e o Departamento de Orientación, buscando en todo momento o principio de accesibilidade universal.

Na avaliación procurarase:

- Diseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando graos de dificultade: que recoñeza e identifique, que analice e valore, que analice e valore criticamente a información. Tentarase que cada alumno alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados.
- Partindo das avaliacións iniciais ao principio de curso e en cada unidade, considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios.
- Utilizaranse estratexias e instrumentos de avaliación variados, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Finalmente, para aqueles alumnos que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- Reforzos educativos, consistentes nun tratamento personalizado da materia coa realización de exercicios específicos. O alumnado que precise dun reforzo haberá de alcanzar, en calquera caso, os obxectivos mínimos da materia para obter unha avaliación positiva.
- Adaptacións curriculares individualizadas, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán incidir tanto nos contidos como na metodoloxía e mesmo nos obxectivos, con probas deseñadas particularmente para os alumnos e alumnas que o necesiten.



As dificultades derivadas da fenda dixital deberán ser atendidas e tentar resolverse polos órganos indicados pola normativa *ad hoc* que se elaborou nos últimos meses e se atopa en permanente estado de revisión e perfeccionamento. En calquera caso, o profesorado tentará prestar a súa máxima colaboración neste sentido.

12. Concreción dos elementos transversais en cada curso

Un referente esencial para nós ao respecto deste apartado será *a Carta do Consello de Europa sobre a educación para a cidadanía democrática e a educación en dereitos humanos* (2010), que define a educación, a formación, a sensibilización, a información, as prácticas e as actividades que, ademais de achegar aos alumnos coñecementos, competencias e comprensión e de desenvolver as súas actitudes e o seu comportamento, aspiran a darlles os medios para exercer e defender os seus dereitos e responsabilidades democráticas na sociedade, para apreciar a diversidade e para xogar un papel activo na vida democrática, así como para participar na construción e defensa dunha cultura universal dos dereitos humanos na sociedade, coa fin de promover e protexer a democracia, o estado de dereito, os dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

Igualmente, outro elemento inspirador vano constituir os compromisos internacionais adoptados na estratexia dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas, facendo un chamamento á participación activa dos individuos e a sociedade internacional en xeral e das comunidades escolares en particular.

Así, en todos e cada un dos cursos, preténdese incidir na necesidade de promoción da cohesión social, do diálogo intercultural e da conciencia do valor da diversidade e a igualdade, –incluída a igualdade entre homes e mulleres–, apreciar e comprender mellor as diferenzas entre crenzas e grupos étnicos, establecer un respecto pola dignidade humana e os valores compartidos, fomentar o diálogo e promover a non violencia para a resolución dos problemas e os conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar, escolar e social. Polo tanto, optarase por fomentar enfoques pedagóxicos e métodos de ensino para aprender a convivir nunha sociedade democrática e multicultural, apreciar as diferenzas, xestionar as discrepancias e os conflitos de xeito non violento, no respecto dos dereitos individuais, e combater todas as formas de discriminación e violencia, en particular a intimidación e o acoso, a violencia de xénero, a dirixida contra persoas



discapacitadas e a violencia terrorista, ou calquera forma racismo ou xenofobia; evítaranse os comportamentos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero; promoveranse accións para a prevención dos accidentes de tráfico, así como hábitos de vida saudables, incidindo na importancia de coidar a alimentación, evitar consumos prexudiciais e o sedentarismo, respectar os períodos de sono e descanso, practicar exercicio e empregar o tempo de lecer en actividades enriquecedoras e gratificantes que contribúan ao desenvolvemento harmonioso da personalidade.

Así mesmo, porase especial atención a incorporar contidos de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte á COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa.

Deste xeito, os contidos transversais que se traballarán en todos e cada un dos cursos na medida en que resulte acaída en cada caso, pódense concretar da seguinte maneira:

Educación moral e cívica

- Coñecer os sistemas éticos e morais máis relevantes da actualidade e do pasado, que teñen unha incidencia na sociedade actual.
- Analizar conflitos e valores e propoñer solucións, baseadas no diálogo e no respecto.
- Discutir dilemas morais, empregando razoamentos que estean abertos ó diálogo e á aceptación doutros puntos de vista.

Educación para igualdade entre os sexos

- Comprender a diferenza entre sexo e xénero.
- Estudar os fenómenos e procesos sociais incorporando a historia do papel da muller e incluír o feminismo entre os proxectos éticos contemporáneos.
- Recoñecer os trazos sexistas que se atopan nas interpretacións dos feitos sociais e na mesma documentación.
- Incorporar nos seus traballos un enfoque non sexista e adoptar actitudes na vida escolar, familiar e social que favorezan a igualdade de oportunidades.



Educación para a paz

- Delimitar o concepto de paz, considerándoo non coma antítese da guerra, senón coma termo oposto ao de violencia.
- Delimitar o concepto de conflito, para consideralo como un proceso natural e circunstancial á existencia humana en sociedade.
- Analizar conflitos sociais, reparando nos seus compoñentes básicos e relacionalos axeitadamente co seu contexto temporal e espacial.
- Comprender a interdependencia mundial entre os países e a mundialización dos problemas sociais, para reparar na súa complexidade.
- Coñecer o contido da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a súa historia e a súa razón de ser na sociedade actual.
- Defender e comprender a solidariedade entre os pobos, facendo especial fincapé na situación dos países en vías de desenvolvemento.
- Coñecer as bases éticas do sistema democrático, e as súas características.
- Tomar decisións individuais ante un conflito, tendo en conta os puntos de vista e as necesidades de todo os implicados.
- Desenvolver na súa vida cotiá comportamentos coherentes cos principios e normas que defendan persoalmente.

Educación para a saúde e a calidade de vida. Educación sexual

- Considerar a saúde coma un estado de benestar xeral ao que todo ser humano ten dereito de aspirar para poder gozar dunha mellor calidade de vida.
- Coñecer, dende unha perspectiva histórica e xeográfica, a ampla gama de hábitos culturais relacionados coa alimentación, a hixiene, as enfermidades; así como a evolución que pode observarse ó longo da historia da humanidade.
- Coñecer as consecuencias de hábitos alimenticios e de consumos inadecuados e rexeitar as pautas de comportamento que non conducen á adquisición dun benestar xeral.
- Interiorizar a convicción da necesidade de respectar as normas ao respecto das medidas de prevención e hixiene fronte á COVID-19.
- Considerar a sexualidade na súa dimensión biolóxica, emocional e social.



- Adquirir unha actitude crítica, respectuosa e tolerante coa diversidade de opinións e aplicar o diálogo como vía necesaria para a solución dos problemas humanos.

Educación ambiental

- Afondar no coñecemento do medio, facendo especial énfase nas nocións de enerxía, equilibrio, crecemento, economía, orde, cooperación, etc.
- Analizar as manifestacións da intervención humana dende o punto de vista da súa incidencia no medio ambiente.
- Abordar problemas referidos ó contorno e formular posibles estratexias de solución.
- Adoptar na súa vida cotiá actitudes coherentes coa defensa do medio ambiente.
- Defender unha actitude de colaboración activa en relación á xestión medioambiental, no ámbito local, nacional e internacional.

Educación para o lecer

- Comprender o lecer dende unha perspectiva histórica como unha conquista social e unha realidade actual que se deriva da loita do movemento obreiro a prol da diminución da xornada laboral, o reparto do traballo e a consecuente disposición de máis tempo libre.
- Potenciar na vida cotiá o acceso a recursos culturais: literarios, escénicos, cinematográficos, audiovisuais, musicais, etc.
- Reflexionar e actuar no noso tempo de lecer respectando o medio natural e social no que se vive.
- Comprender e valorar a necesidade de dispoñer de tempo libre que permita a realización de actividades que supoñan un enriquecemento persoal, disfrutando da natureza, do entorno, da cultura, da ciencia... (individual ou colectivamente).

Educación do consumidor

- Adquirir conciencia de consumidor e actuar en consecuencia, sendo consciente dos seus dereitos e responsabilidades.
- Coñecer a existencia e contido básico da lexislación para a defensa dos consumidores e usuarios.
- Actuar como consumidores responsables.



Educación vial

- Comprender a organización do territorio e o espazo urbano en interacción coas redes de comunicación e transporte.
- Analizar os impactos ambientais que xera o uso de diferentes tipos de vehículos.
- Desenvolver hábitos de conciencia cidadá en relación coa circulación e os riscos que comporta. Coñecer as normas de circulación elementais e sinais de tráfico.
- Comportarse de xeito responsable na conducción de vehículos (bicicletas, patinetes e ciclomotores).

13. Actividades complementarias e extraescolares do Departamento

A intención deste Departamento didáctico é levar a cabo unha serie de visitas a lugares de interese, tales como espazos naturais, xacementos arqueolóxicos, elementos do patrimonio monumental, centros de traballo, sedes institucionais, museos, centros de interpretación ou salas de exposicións, para o estudo das disciplinas que integran as materias. Estas saídas desenvolveríanse nas circunstancias e adoptando as medidas que foran precisas en cada momento, en función da situación epidemiolóxica concreta e as disposicións ao respecto ditaminadas polas autoridades competentes. En concreto, para cada curso, preténdense desenvolver as seguintes:

1º ESO:

- Visitas ao Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (Campo Lameiro), ao Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa (San Cibrao de Las) e ao Parque Arqueolóxico do Megalitismo-Dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños).
- Visita a Lugo (Casa dos Mosaicos/Domus Oceani; Domus do Mitreo; Museo Provincial, Museo Interactivo da Historia de Lugo) e Castro de Viladonga.
- Visita a Vigo (Xacemento do Castro de Vigo; Salinae; Museo do Mar de Galicia; Vila romana de Toralla; Sede Afundación; Porto de Vigo; Parque de Castrelos; espazos naturais do litoral).
- Visita a Santiago de Compostela (Cidade da Cultura de Galicia; Auditorio de Galicia; Centro Galego de Arte Contemporánea-CGAC; Museo de Historia Natural Universidade de Santiago de Compostela; Centro Obra Social Abanca); Salas de exposicións da Universidade de Santiago de Compostela.



2º ESO

- Visita a Santiago de Compostela (Catedral de Santiago; Museo da Catedral; Pórtico da Gloria; Museo das Peregrinacións e da Cidade de Santiago; Cidade da Cultura de Galicia; Porta de Mazarelos; Porta Faxeira; A Cerca medieval; Castelo da Rocha; Centro Obra Social Abanca).
- Visita a Tui (convento de San Domingos; Catedral de Santa María), Baiona (burgo e fortaleza de Monte Boi; excolexiata de Santa María; Ponte da Ramallosa) e Soutomaior (Castelo).

3º ESO

- Visita a Santiago de Compostela (Catedral de Santiago; Museo da Catedral; Museo das Peregrinacións e da Cidade de Santiago; Colexio de Santiago Alfeo/Colexio de Fonseca; Hospital Real; Convento de Santa Clara; Convento de San Martiño Pinario; Igrexa da Compañía/da Universidade; Colexio de San Clemente de Pasantes; Pazo de Bendaña; Cidade da Cultura de Galicia; Auditorio de Galicia; Centro Galego de Arte Contemporánea-CGAC; Museo de Historia Natural Universidade de Santiago de Compostela; Centro Obra Social Abanca).
- Visita a Baiona (Monte Boi; réplica da carabela A Pinta; Casa da Navegación; Ponte da Ramallosa; Foz do Miñor).

4º ESO

- Visita a Ferrol (Ferrol Vello; Barrio da Magdalena; Arsenal; Castelo de San Filipe; Alto de Chamorro; Miradoiro da Bailadoira; Museo Naval de Ferrol; lagoa de Doniños).
- Visita a Santiago de Compostela (A Residencia/Campus Universitario Sur; Alameda e Paseo da Ferradura; Parque de Galeras; Museo de Historia Natural Universidade de Santiago de Compostela; Museo-Fundación Eugenio Granell; Cidade da Cultura de Galicia; Centro Galego de Arte Contemporánea-CGAC; Auditorio de Galicia; Burgo das Nacións).
- Visita a Vigo (Praza da Constitución; Porta do Sol; Basílica Concatedral de Santa María; Praza de Compostela; Igrexa de Santiago; Casa das Artes; Museo de Arte Contemporánea-MARCO; Sede Afundación; Museo do Mar de Galicia; Xardíns das Avenidas; Xardíns e Parque de Castrelos; Museo da Cidade “Quiñones de



León”; Cidade da Xustiza; Estadio Municipal de Balaídos; Museo Verbum-Casa das Palabras).

Así mesmo, na medida das posibilidades, tamén se prestará colaboración para participar en actividades de temas transversais organizadas polo Departamento de Orientación ou por outros Departamentos didácticos que poidan ser integradas na programación prevista, así como actividades interdisciplinares organizadas pola Dirección do centro ou polos equipos constituídos no seo do mesmo.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

Con periodicidade mensual realizarase un seguimento do cumprimento da programación. Ao finalizar o curso faranse constar os resultados obtidos polo alumnado (distribución porcentual de aprobados e suspensos) así como valoración da adecuación da temporalización, consecución dos obxectivos, dificultades atopadas para a posta en práctica da programación e idoneidade da metodoloxía e dos recursos e materiais utilizados. No momento que sexa preciso e así se considere, introducíranse os cambios ou axustes necesarios. As consideracións globais máis significativas que se obteñan ao final de curso quedarán recollidas na Memoria do Departamento, co obxectivo de que sirvan de base para introducir as modificacións que se consideren oportunas na Programación do seguinte curso académico.

En Lousame, setembro de 2021

O Xefe do Departamento de Xeografía e Historia do CPI Plurilingüe Cernadas de Castro

Asinado: Emilio Pallarés Álvarez